

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP VIRXE DA PENA DA SELA

CURSO: 6.º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

MATERIA: LINGUA GALEGA

DATA: 09/05/2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Resáltanse con cor vermella os criterios de avaliación e os estándares relacionados coas **actividades de repaso, reforzo e recuperación**; os entroncados coas **actividades de ampliación** réalzanse con cor verde.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>B1.1. B1.1. Comprender textos orais diversos, procedentes da radio, da televisión ou da internet, interpretando as intencións explícitas así como as intencións, opinións e valores non explícitos.</p>	<p>LCB1.1.1. Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral, procedente da radio, da televisión ou de Internet, identificando o tema e elaborando un resumo.</p> <p>LCB1.1.2. Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral, distinguindo a información da opinión.</p>
<p>B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.</p>	<p>LCB1.2.1. Identifica en documentos audiovisuais a información relevante, e valora os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.</p> <p>LCB1.2.2. Usa documentos audiovisuais como medio para obter, identificar, clasificar, comparar e relacionar informacións.</p>
<p>B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dotes sentidos.</p>	<p>LCB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.</p> <p>LGB2.1.2. LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo, expositivo e argumentativo).</p>
<p>B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto.</p>	<p>LCB2.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto.</p>

B2.10. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	LCB2.10.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.
B3.2. Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	LCB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, programas... LCB3.2.2. Escribe, en diferentes soportes, textos propios dos medios de comunicación, imitando modelos.
B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.	LCB3.7.1. Coida a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte. LCB3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.
B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	LCB4.2.1. Aplica correctamente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica, así como as demais normas ortográficas, e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.	LCB4.3.1. Emprega con correccións os signos de puntuación. LGB4.3.2. Usa unha sintaxe adecuada nas súas producións.
B4.4. Recoñecer e empregar axeitadamente os conectores, así como outros elementos de cohesión.	LCB4.4.1. Usa axeitadamente diversos conectores entre oracións: causa, consecuencia, finalidade, contradición, condición..
B5.2. Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	LCB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.

B5.5. Participar activamente en dramatizacións de textos literarios diversos.

LCB5.5.1. Participa activamente en dramatizacións de textos literarios diversos.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: A avaliación será continua e global e terá en conta o progreso do alumnado no conxunto das áreas, tal e como se reflexa no Plan Xeral de Avaliación do centro.</p> <p>Realizarase tendo en conta:</p> <ul style="list-style-type: none">- As aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres.- As actividades de recuperación, repaso, reforzo e as de ampliación das aprendizaxes anteriores (1º e 2º trimestres) que se desenvolvan durante o terceiro trimestre. Esta avaliación do 3º trimestre servirá para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final.- Análise e valoración cuantitativa e cualitativa do avance individual do alumnado.
	<ul style="list-style-type: none">- Instrumentos: Utilízanse distintos instrumentos de avaliación que permiten valorar os distintos grados de realización das aprendizaxes:<ul style="list-style-type: none">• Actitude.• Probas escritas: exercicios de expresión escrita (diarios, contos, artigos periodísticos...).• Probas lectoras: cuestionarios de comprensión lectora.• Probas orais: dramatizacións, debates, charlas.• Caderno: presentación, organización e limpeza do mesmo. <p>Observación diaria: valoración do traballo diario.</p>

Cualificación final	<p>A cualificación final de curso dependerá da:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valoración do resultado académico acadado durante a primeira e a segunda avaliación máis do resultado da realización de tarefas de repaso, reforzo, recuperación e, ou, ampliación durante o terceiro trimestre. - O traballo do terceiro trimestre será valorado en función dos procedementos e instrumentos mencionados con anterioridade.
----------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>O desenvolvemento das actividades estrutúrase arredor das catro destrezas básicas da comunicación oral e escrita:</p> <ul style="list-style-type: none">• Ler: lectura de libros de ficción da biblioteca do colexio e de textos provenientes de diversas fontes: libro de texto, contos escritos polo alumnado do centro, diarios, cartas, cuestionarios de competencia lectora, Internet...• Escribir: creación de textos literarios, diarios, cartas, redaccións, exercicios do libro de texto...• escoitar: explicación dos contidos impartidos durante as videoconferencias realizadas co mestre e co resto do alumnado da aula, cuestionarios de comprensión oral, visionado de documentos audiovisuais elaborados polo alumnado e de curtametraxes educativos...• Falar: exposición de traballos realizados mediante videoconferencias ou a través de arquivos enviados por teléfono ou subidos á plataforma Edmodo, dramatizacións...
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Todo o alumnado ten conectividade e está en contacto co profesorado a través da plataforma Edmodo, dos blogs que utilizamos (o de aula, o blog de biblioteca e o do colexio), por teléfono (teñen o número persoal dos docentes) e mediante unha videoconferencia semanal co profesorado e co resto do alumnado da súa aula.
Materiais e recursos	Os recursos físicos dos que dispoñen son libros de texto, de lectura, cadernos e dispositivos electrónicos.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Informaremos ás familias a través dos blogs do centro.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.